

Entidade de contratación:	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA			
Denominación do expediente:	Actuacións de reparación do viaduto da AG-53 sobre o río Barbantiño			
Ref. Expediente:	OBRA250201	Contrato harmonizado:	Non	
Tipo contrato:	Obra	Tipo tramitación:	Ordinaria	Lotes: Non
Procedemento:	Aberto	Forma adjudicación:	Pluralidade de criterios	
CPV:	45221119-9	Trabajos de renovación de puentes		
Importe licitación IVE:	3.538.056,47 €	Prazo execución:	10 Meses	

ACTA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

ORDE DO DÍA

1. Constitución da Mesa de contratación.
2. Exame do informe técnico relativo á xustificación das ofertas incursas en temeridade.
3. Valoración das ofertas admitidas ao procedemento.
4. Acordos da mesa.

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

Data:	23/3/2026	Hora:	10:00 horas
Lugar:	Avelino Pousa Antelo nº-1, 2ª, Santiago de Compostela 15707, A Coruña		

No lugar, día e hora enriba indicados, constitúese a Mesa de Contratación para proceder á proposta de adxudicación do expediente que se referencia.

Membros da mesa asistentes:

CARGO	NOME E APELIDOS
Presidenta	Angela Bouzada Valverde
Secretario	Juan Carlos Vence Lamas
Asesoría Xurídica	Javier Álvarez López
Vogal	Daniel Romay Díaz
Vogal	Mª Esther Souto Lareo

Como consideración previa aos actos a realizar na presente sesión e de conformidade co previsto no artigo 64 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (LCSP), cada un dos membros da mesa de contratación constituída declaran expresa e individualmente baixo a súa propia responsabilidade que non concorre neles ningún conflito de interese que poda comprometer a súa imparcialidade e independencia durante o procedemento, así como de que se comprometen a poñer en coñecemento do órgano de contratación, de forma inmediata, calquera potencial conflito de intereses que poda producirse durante o desenvolvemento do procedemento de adxudicación.

2. EXAME DO INFORME TÉCNICO RELATIVO Á XUSTIFICACIÓN DAS OFERTAS INCURSAS EN TEMERIDADE.

Visto o Informe técnico relativo á xustificación das ofertas incursas en temeridade de data do 9 de marzo de 2026, os licitantes ATESVI, S.L. e SACYR OPERACIÓN Y SERVICIOS ESPAÑA, S.A.; presentan dentro do prazo concedido de 5 días hábiles a xustificación pero considérase, de conformidade co informe técnico, que “as empresas non cumpren coa carga que lle corresponde para xustificar que o prezo ofertado sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, pois iso require a presentación da documentación suficiente para analizar a súa oferta e apreciar as súas condicións, custes, aforros, solucións técnicas para a execución material da prestación que motive suficientemente a mesma para acordar a súa aceptación. Non se aporta desglose e xustificación dos custes laborais nin dos correspondentes á maquinaria e medios auxiliares, limitando a análise ao aporte de compromisos de prezos de materiais e subcontratas nalgún caso sen asinar”. **Esta situación determina que as ofertas non se entendan correctamente xustificadas e polo tanto que se consideren anormalmente baixas para o efectivo cumprimento do contrato nos termos do artigo 102 e 149 da LCSP.**

3. VALORACIÓN DAS OFERTAS ADMITIDAS AO PROCEDEMENTO.

Feita a calificación das proposicións económicas e estudadas e valoradas as ofertas técnicas, as empresas admitidas a esta fase do concurso, unha vez sumadas as calificacións dos criterios de valoración automática e as dos criterios de valoración suxeitos a xuízo de valor, obtiveron a seguinte puntuación:

	Licitador	Puntuación económica	Puntuación técnica	Puntuación total ponderada
1	PUNTES Y CALZADAS INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	90,13	80,20	85,16
2	UTE. IMESAPI - BALGORZA (OBRA250201)	100,00	68,00	84,00
3	UTE. AUDECA - AZUL CONSTRUCCIÓN REPAIR (OBRA250201)	93,78	72,60	83,19
4	UTE. CIVIS GLOBAL - ORION (OBRA250201)	91,08	73,80	82,44

4. ACORDOS DA MESA.

- 1) Propoñer ao órgano de contratación a exclusión das ofertas presentadas polas empresas ATESVI, S.L. e SACYR OPERACIÓN Y SERVICIOS ESPAÑA, S.A. ao considerar, de acordo co informe técnico, que o prezo ofertado polo licitador non é o axeitado para o efectivo cumprimento do contrato.
- 2) A Mesa de Contratación acorda elevar ao órgano de contratación a proposta de adjudicación do Contrato á **PUNTES Y CALZADAS INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.** por un importe de **dous millóns seiscentos vinte mil novecentos noventa e un euros e sesenta e oito céntimos (2.620.991,68 €) IVE non incluído**, cunha baixa do **10,36%** por ser a que mellor puntuación obtivo no baremo.

Documentos anexos á presente acta: 1) Cadro coas puntuacións totais obtidas por todas as ofertas admitidas e 2) Informe técnico relativo ás xustificacións das empresas incursas en valores anormais ou desproporcionados.

Logo de tratados todos os puntos da orde do día, o/a Presidente/a da por terminado o acto e para que quede constancia esténdese a presenta Acta que é lida por todos os membros asistentes da Mesa de Contratación.

Unha vez que todos os membros da Mesa manifestan a súa conformidade co contido da acta, asíñase dixitalmente pola Presidenta e o Secretario.

Presidenta da Mesa

Secretario da Mesa

Angela Bouzada Valverde

Juan Carlos Vence Lamas